

As prácticas duraron entre dúas e tres meses

ESTUDANTES UNIVERSITARIOS FINALIZAN AS SÚAS PRÁCTICAS DE VERÁN NA REFINERÍA DA CORUÑA

- **Repsol mantén convenios de formación coas tres universidades galegas**

Unha decena de alumnos universitarios procedentes das Universidades da Coruña, Santiago e Vigo, finalizaron o seu período de aprendizaxe nas instalacións do Complexo Industrial.

Os alumnos tiveron a oportunidade de ter o seu primeiro contacto co mundo laboral, e podendo poñer en práctica os coñecementos que foron aprendendo nos diferentes graos e titulacións que cursan, desde Grao en Dereito e ADE ou en Ciencias Empresariais ata diversas Enxeñerías (Obras Públicas, da Enerxía, Minas, etc.).

Para todos eles foi unha experiencia moi positiva, da que Rosalía, alumna de Enxeñería da enerxía, subliña “a colaboración por parte de todos para que aprendésemos, a implicación da xente”. Nuria, de enxeñería de Minas tamén se sentiu “moi cómoda, tratáronme como unha máis” ademais defíneo como unha “experiencia profesional brutal polo coñecemento que tiven, aprendes moitísimo”.

Martín, estudante de enxeñería de Obras Públicas o que máis destaca “son todas as medidas de seguridade para traballar no Complexo” do mesmo xeito que para Susana, de Enxeñería da enerxía, que engade “o sorprendente nunha industria de semellantes dimensións, non só son as medidas de protección, etc., senón o nivel de control de todos os procesos”. Para ela foi unha oportunidade increíble de “ter a posibilidade de baixar a campo e ver directamente os procesos”.

A Ignacio, estudante de Empresariais, o que máis lle sorprende “son os procedementos internos que levan a cabo no departamento de compras e contratacións, sobre todo as listas de materiais que levan a solicitude ao almacén de pezas para o mantemento de instalación”.

Todos eles manifestaron a intención de volver solicitar as prácticas, porque como di Rosalía “aprendín moito, encantaríame repetir e coñecer outros departamentos”. Nuria vai máis aló, se gradúa este mes e “vou postular para tentar entrar a traballar aquí”.

Repsol mantén desde hai anos diversos acordos coas tres universidades galegas, tanto para o desenvolvemento dalgunhas colaboracións específicas como para a formación do alumnado, o que pon de manifesto o compromiso da compañía coa educación e a formación.